

## *O local e o universal en Vicente Risco*

(Camiño Noia)

Con toda a atención que historiadores e filólogos dedicaron á figura e á obra de Vicente Risco, hai aínda aspectos do ourensán que, ó meu ver, non foron debidamente valorados. E nun ano dedicado á salientar a memoria do galeguista Ramón Piñeiro, cómpre recordar que sen o compromiso nacionalista do mestre ourensán moi posiblemente non existiría a Xeración Nós. E sen ela, de certo que non habería Xeración Galaxia á que Piñeiro pertence.

Risco foi a peza fundamental na unidade do grupo de intelectuais ourensáns comprometidos na tarefa de crear conciencia nacional. Como pensador do ideario nacionalista e como encargado de darlle visibilidade a esas ideas, organizou e repartiu as tarefas do grupo; traballou con Otero nos ámbitos literarios, con Xocas e Cuevillas nos estudos etnográficos e foi ademais o encargado das relacións cos editores e cos colaboradores, primeiro en *A Nosa Terra* e, e, a partir de 1920, en *Nós*.

En 1918, afastado das teorías esotéricas e da doutrina de E. Blavaski nas que estivera interesado, Risco convértese nun nacionalista galego e, convencido desa causa, a ela vai dedicar o resto da súa vida. Co seu ideario galeguista entendeu que a cultura vive e medra nas tensións entre o local e o universal, e como consecuencia debe participar do xeral e do particular. Levado por esa idea, a través da tradución, promoverá a recepción de textos doutras literaturas. Sen compartir o gusto polas vangardas literarias, pon en galego - ou fai que outros os poñan - textos poéticos e narrativos de absoluta vangarda para publicar nos voceiros que dirixía. Sabía don Vicente que a arte non é redutible á Terra, nin ós gustos persoais, nin ó momento en que se produce, que a arte é eterna. Mais, como discípulo inconfeso de Ortega y Gasset, don Vicente postulaba tamén a existencia dunha substancia creativa nos humanos que xermola aquí ou acolá, en determinados momentos históricos, dependendo da semente e da fertilidade da Terra. E para el, como para outros nacionalistas

européos, esa substancia orixinal que nos permite expresar sentimentos e realidades universais reside nas creacións tradicionais do pobo, nas formas da literatura oral.

Cumpría, pois, sen abandonar o alleo, alicerzar as bases da nación na cultura de nós. E Risco púxose á tarefa, recolleu narrativa oral colocándoa no lugar que lle correspondía dentro da cultura da nación. Non o fixo Murguía, nin o fixo Emilia Pardo Bazán que ostentou a presidencia da Sociedade del Folclore Gallego. José Ballesteros, como membro da Sociedade, elaborou un cancionero coas nosas cántigas, mais ata Risco ninguén recolleu contos orais de maneira sistemática e con criterios metodolóxicos. Desde a súa cátedra e coa colaboración doutros galeguistas aproveitou os recursos humanos para recolectar material lingüístico de boca dos galego-falantes. Na sección «Arquivo Filolóxico e etnográfico de Galiza», creada no número 5 da revista *Nós*, aparecerán en números dispersos artigos de etnografía galega e textos de literatura oral (cantigas, contos e lendas), ademais de ditos e refráns galegos. No Seminario de Estudos Galegos formou equipos de investigación etnográfica, nos que tamén el participou, para elaborar monografías de parroquias ou de vilas galegas. Aí están as de Castro Caldelas, Santa María de Velle, Calvos de Randín, Terre de Melide ou Santa Marta de Moreiras. Traballos nos que os nacionalistas andaban metidos cando a sublevación militar do 18 de xullo de 1936 veu esmagar toda actividade a prol do galego. Hai pouco, aínda se atopou unha colección de refráns que o mestre ourensán xuntara.

Non convén, pois, que o comportamento de don Vicente en tempos de medo e represión fascista paire sobre a súa figura embazando o importante labor que deixou como creador das bases da nosa nación.

(Publicado no libro de *Homenaxe a Marcos Valcárcel*)